

# **ACADÉMICA - PROFESIONAL**

# **ORIENTACIÓN**

1º de Bacharelato  
CURSO 2019-20

# Promoción DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## Título II

### Capítulo II.

Artigo 3. Os alumnos/as poderán permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante catro anos.

### Artigo 35. Promoción

1. Os alumnos e as alumnas terán **promoción de primeiro a segundo** de bacharelato cando teñan **superadas as materias** cursadas **ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo**. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3, os alumnos e as alumnas **poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez** como máximo, aínda que **excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente**.

2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta.
3. Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.


**Artigo 36. Continuidade entre materias de bacharelato (ver impreso matrícula).**

RESOLUCIÓN do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 17. Repetición do primeiro curso de bacharelato:

Os alumnos e as alumnas do primeiro curso de bacharelato que non cumpran coas condicións de promoción establecidas no artigo 35 do Decreto 86/2015 deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

Artigo 18.1b) O alumnado que opte pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais deberá cursar a materia de Historia da Filosofía.



# Criteria para decidir:

- ▶ Opcións ao remate do Bacharelato (Universidade, FP, oposicións, mercado laboral).
- ▶ Materias necesarias (ponderan) e que preparan mellor segundo os intereses profesionais, tendo en conta:
  - As materias adscritas ás ramas de coñecemento na Universidade e a súa ponderación ou non (ver táboa de ponderacións).
  - As materias chave de 1º a 2º de BACH.
  - As modalidades preferentes de acceso aos Ciclos Superiores de FP. (ver documento modalidades de bacharelato preferentes para acceso a ciclos superiores).

# Información sobre a FP

## ▶ <http://edu.xunta.es/fp>

- <http://www.edu.xunta.es/fp/admision-grao-superior>
- <http://www.edu.xunta.es/fp/saidas-academicas>

## ▶ Nesta páxina web aparece información sobre:

- ▶ Cupos
- ▶ Modalidades
- ▶ Acceso á universidade:
  - Media e Validación

# ABAU

▶ <http://ciug.gal/gal>

Nesta páxina aparece información sobre:

- ▶ Estrutura da ABAU
- ▶ Notas de corte do alumnado do 2019-20.
- ▶ Parámetros de ponderación para o alumnado que accede no curso 2020-21.